

ARTE GREGA

TÍTULO: **DORÍFORO**

AUTOR: **Policleto** (Argos, S.V a.C.)

CRONOLOXÍA: 450-440 a.C.

TIPOLOXÍA: Escultura exenta

MATERIAL: Orixinal en bronce, copia romana en mármore

MEDIDAS: 2,12 m (alto)

ESTILO: Grego clásico

TEMA: Atlético

LOCALIZACIÓN: Museo Arqueologico Nazionale (Nápoles)



DESCRIPCIÓN FORMAL

Trátase dunha escultura tallada en mármore, aínda que posiblemente o orixinal fose realizado en bronce. É exenta ou de vulto redondo, representando a un atleta novo. Aparece representado de pé, cun brazo flexionado onde seguramente portaría unha lanza, ou xabalina. Posúe todas as características da escultura grega no seu período clásico como son a elegancia austera, afastado das formas hercúleas ou os amaneramentos que veremos no futuro con Praxíteles. Aparece sereno e sosegado, o que lle imprime un aire de solemnidade e grandeza. En canto á composición, observamos o uso do *contraposto*, dado que a maior parte do peso apoia nunha perna, deixando a outra exonerada. Esta tensión libérase cunha lixeira inclinación da pelvis e os ombreiros. Debido a que o peso recae sobre unha perna, o copista, incluíu un estribo, en forma de rocha, xunto á perna que soporta o peso. É posible que o orixinal en bronce, debido á súa lixerez, carecese deste complemento. Na parte superior, a tensión recae sobre o brazo contrario á perna que soporta o peso, brazo que aparece flexionado ao portar unha lanza, mentres que o brazo contrario queda libre de tensión. A talla da cabeza, mirando cara a un lado, permite romper tamén coa frontalidade e abrir a escultura a diferentes puntos de vista.

É precisamente a utilización do *contraposto* o que confire movemento e dinamismo á composición que se afasta da rixidez estática e xeométrica dos *kuroi*, no entanto cabe falar dun certo resabio de arcaísmo, que se advirte na talla dos pectorais planos, e as duras liñas da cintura e a cadeira, demasiado marcadas. Esta utilización do *contrapposto* que opón de forma harmónica as distintas partes do corpo da figura humana, ten o punto de partida en apoiar todo o peso do corpo nunha perna, mentres

que a outra queda liberada, relaxada e en semiflexión, apoiando no chan só coa punta dos dedos e lixeiramente atrás. O mesmo ocorre co brazo oposto, que sae relaxado. Xógase así entre as extremidades en tensión e repouso (créase unha X chamada *chiasmo*). O resultado é un equilibrio dinámico que transmite vida á figura. Hai un perfecto equilibrio entre o estatismo necesario para o ideal de harmonía física e espiritual (equilibrio emocional) e o dinamismo propio dunha escultura en movemento (movemento en potencia pois está a facer un alto no camiñar). Mantén aínda o carácter frontal pois está pensada para ser vista de fronte, se ben a disposición da lanza, cara atrás, afonda na terceira dimensión.

Destaca o principio de *diartrose*, concebindo o desnudo como un esqueleto perfecto, rexido pola mobilidade das articulacións, o que lle fai acentuar a división entre o tronco e as extremidades, e dentro do torso, marcar nítidamente os pectorais, a cintura e o pregue inguinal.

Debido á interpretación da beleza como harmonía e proporción, e estas como equilibrio entre as partes, Policleto utiliza esta escultura para amosar o *kanon*, de xeito que a altura da escultura corresponderá coa medida de 7,5 cabezas. O torso pode dividirse en tres partes iguais, tomando como medida a existente entre o pregue inguinal e o embigo. Tamén a cara aparece dividida en tres partes iguais coincidentes coa fronte, o nariz e o mentón. O coñecemento natural e as relación matemáticas permiten crear así unha figura “perfecta”. A perfección chega a tal punto que se poden establecer criterios xeométricos na solución dalgunhas partes do corpo. Búscase en todo momento acadar esa proporción e harmonía que conduza á beleza ideal.

TEMÁTICA

Representa a un atleta en actitude de repouso antes de participar na proba de lanzamento. A imaxe resume o ideal antropológico do grego clásico: home en plenitude xuvenil, en equilibrio entre vigor e intelixencia, destreza e vontade, o corporal e o espiritual xuntos. En canto á actitude mental ou psicolóxica, non se ve un xesto de orgullo nin de vanidade no atleta, o que se consideraba reproable na mentalidade da época.

MODELOS E INFLUENCIAS

No *Doríforo* podemos resumir todos os aspectos que Policleto plasmou nun libro (perdido) coñecido como *Kanon*, no que aspira a atopar a beleza ideal do corpo humano. Esta escultura, xunto co *Discóbolo* de Mirón inician o Período Clásico da escultura grega, e serán modelos a seguir, tanto na súa composición, como na súa interpretación da beleza, a partir de variables como a proporción e a harmonía, que se reflectirán en artistas posteriores como Lisipo ou Praxíteles, aínda que con certas diferenzas palpables.

Máis tarde, no Renacemento, poderemos seguir a súa impronta en obras como o David de Donatello, ou ata no David de Miguel Anxo, así como noutros períodos posteriores como o Neoclasicismo.